PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 17:44
Nº Rexistro: 37998
Data envio: 02/10/2018 17:44:33.099

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa da Comisión 1ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público (doc. núm. 32221).

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o punto 3, da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

"3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do ditador e en consecuencia demandar que se inicien as accións ou modificacións lexislativas en materia de Memoria Histórica que impidan comportamentos de apoloxía do franquismo, de carácter fascista, homologándonos cos países europeos máis avanzados neste eido."

Emenda de modificación

No punto 4, da parte resolutiva da iniciativa débese suprimir a seguinte frase:

"..., para a súa posterior conversión en espazo da memoria histórica democrática galega."

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 17:44
Nº Rexistro: 37998
Data envio: 02/10/2018 17:44:33.099

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/10/2018 17:31:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 17:31:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 18:15
Nº Rexistro: 38014
Data envio: 02/10/2018 18:15:58.838

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Alberto Pazos Couñago,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/PNC-002719 (33232)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que se sigan levando a cabo, segundo a capacidade actual das infraestruturas en uso, aquelas reformas necesarias nas dependencias xudiciais galegas para evitar o cruce entre vítimas e agresores.

2. Que se contemplen actuacións de modernización e evolución das tecnoloxías configurando a videoconferencia como un servizo básico nos termos previstos nas leis.

3. Que se habiliten, no marco da capacidade real en cada edificio xudicial, espazos axeitados nas dependencias xudiciais para os menores que teñen que acudir a procedementos xudiciais".

Santiago de Compostela, 02 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/10/2018 18:12:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 18:15
Nº Rexistro: 38014
Data envio: 02/10/2018 18:15:58.838

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Pedro Puy Fraga na data 02/10/2018 18:13:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com